



**EXCMO. CONCELLO DE LUGO**  
**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

**1.- Entidade adxudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato:**

**a) Tipo de contrato:** servizos

**b) Descrición do obxecto:** O obxecto do contrato é a realización de:

- Unha auditoría enerxética (instalación eléctrica e consumo de auga) coa proposta de intervención no edificio da Praza para a súa adaptación.

- Un plan de residuos para a Praza de Abastos coa proposta de espazos a dotar no edificio para o correcto tratamento dos residuos.

- Unha proposta de aproveitamento comercial do edificio e distribución de usos realizada a partir das orientacións sinaladas neste prego.

- A redacción do proxecto básico e de execución da edificación en misión completa (con todos os proxectos específicos e o xeotécnico previo se se inclúen obras de comunicación do parking coa praza) das obras que se definan para a Praza de Abastos (nunha ou dúas fases), así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación e a coordinación de seguridade e saúde durante a súa execución.

- Propostas de intervención valoradas para cada un dos postos da Praza para os investimentos que deban acometer pola súa conta, tales como as derivadas da auditoría enerxética acompañados de cálculos de recuperación dos investimentos ou outras propias dos seus locais.

**3.- Tramitación e procedemento.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedemento:** aberto

**4.- Tipo de licitación:**

**a) Orzamento máximo do contrato:** O valor estimado do contrato - prezo de licitación - ascende a 80.000 euros polo que sumado o IVE de 21% ( 16.800 euros) resulta un presuposto total de 96.800 euros IVE incluído desglosado como segue:

- Proxecto 13UR7001 URBAN. Auditoría e medidas de eficiencia enerxética: 5.000 euros máis o IVE ( 1.050 euros) resultando un total de 6.050 euros.

- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 75.000 euros máis o IVE (15.750 EUROS) resultando un total de 90.750 euros.

**5.- Adxudicación:**

**a) Data:** 27 de decembro de 2013

**b) Contratista:** MERCADOS CENTRALES DE ABASTECIMIENTO S.A (MERCASA)

**c) Nacionalidade:** española

**d) Orzamento máximo do contrato:**





Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refº: ANUNCIO ADXUDICACION

Asunto: anuncio adxudicación

- Proxecto 13UR7001 URBAN. Auditoría e medidas de eficiencia enerxética: 4.250 euros máis o IVE ( 892 euros) resultando un total de 5.142,50 euros.
- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 63.750 euros máis o IVE (13.387,50 euros) resultando un total de 82.280 euros.

**6.- Prazo en que debe procederse á formalización do contrato:**

Non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación por parte dos licitadores.



Lugo, 8 de xaneiro de 2014

ALCALDE,  
P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA  
(Decreto nº 13008312)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia



MURALLA  
patrimonio da humanidade